

MÍNIMOS PARA PROMOCIONAR EN 2º CICLO DE PRIMARIA

LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA

COMPRESIÓN ORAL:

- Comprende textos orais axeitados á idade e capta o sentido global e a temática. Responde preguntas directas sobre o mesmo.

EXPRESIÓN ORAL:

- Produce textos orais coherentes e claros axeitados ao seu nivel.

COMPRESIÓN ESCRITA:

- Comprende o sentido global e as ideas principais dun pequeno texto.

EXPRESIÓN ESCRITA:

- Produce pequenos textos con estrutura correcta e a ortografía básica traballada (maiúsculas e punto, mp/mb, z/c, c/qu, r/rr, -d ou -z)

MATEMÁTICAS

SENTIDO NUMÉRICO:

- Le , identifica e escribe números de ata cinco cifras e fraccionarios.
- Compón e descompón números de ata cinco cifras.
- Usa as operacións básicas (suma e resta con e sen levadas, multiplicación e división cunha e dúas cifras) na resolución de problemas.

MEDIDAS:

- Realiza medicións de lonxitude, capacidade e masa en situacións cotiás, utilizando a unidade de medida máis axeitada en cada caso.
- Usa as unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto).
- Le e escribe a hora en reloxios analóxicos e dixitais.

SENTIDO ESPACIAL:

- Interpreta itinerarios en planos e mapas.
- Interpreta a información sobre simetrías e traslacións de obxectos.
- Emprega as estratexias adecuadas na resolución de problemas e é quen de verbalizalas.

SENTIDO ESTOCÁSTICO:

- Interpreta información en táboas e gráficos estatísticos.

CIENCIAS DA NATUREZA

CULTURA CIENTÍFICA:

- Busca e selecciona información de diferentes fontes seguras adquirindo o léxico científico básico, utilizándoa en investigación ou experimentos relacionados co medio natural.

A VIDA NO NOSO PLANETA:

- Coñece a morfoloxía externa e interna do corpo identificando os aparellos implicados na realización das función vitais.

MATERIAS, FORZAS E ENERXÍA:

- Recoñece, a través de pequenas investigacións, algunhas propiedades dos elementos do medio natural.

TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN:

- Utiliza dispositivos e recursos dixitais para a busca de información de cara á elaboración dun produto final sinxelo dentro dun proxecto en equipo.

CIENCIAS SOCIAIS

CIENCIA E TECNOLOXÍA:

- Busca e selecciona información de diferentes fontes seguras adquirindo o léxico científico básico, utilizándoa en investigación relacionadas co medio natural, social ou cultural.

O MUNDO E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE:

- Identifica algunhas das propiedades dos elementos do medio natural, social ou cultural

VIVIR EN SOCIEDADE:

- Coñece os órganos de goberno da localidade e comunidade autónoma e algunhas das función de diversas administracións e servizos públicos das mesmas, valorando a súa importancia.
- Coñece a organización territorial por comunidades autónomas do estado español.

LECCIÓN DO PASADO:

CRITERIOS MÍNIMOS PARA PROMOCIONAR – 2º CICLO – CEIP PÁRROCO DON CAMILO
DATA DE APROBACIÓN: 28 DE MAIO DE 2024-ENTRADA EN VIGOR: 1 DE SETEMBRO DO 2024

- Ordea cronolóxicamente as distintas Idades da Historia.
- Identifica algúns feitos relevantes das diferentes Idades da Historia.

PROXECTO COMPETENCIAL

- Presenta o proxecto realizado con, alomenos, un produto final válido, empregando unha linguaxe verbal comprensible e clara na súa exposición.

RELIXIÓN

- Valorar a vida e a natureza como un agasallo de Deus.
- Recoñecer a familia como lugar de convivencia, amor e desenvolvemento da persoa.
- Coñecer os evanxeos (significado e quen os escribiron) e introducirse no seu manexo.

MÚSICA E DANZA

- Mide, entona e interpreta partituras sinxelas.
- Coñece termos da linguaxe musical: Intensidade, altura, timbre, familia de instrumentos...
- Coñece e escribe as notas da escala de Do maior.
- Identifica visual e auditivamente os instrumentos e os clasifica por familias.
- Identifica e emprega o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.
- Canta con boa emisión vocal.
- Interpreta pezas musicais sinxelas con flauta dulce.
- Manifesta respecto na recepción e realización de propostas artísticas musicais, escénicas e performativas.

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

Bloque 1: educación plástica e visual - percepción e análise

- Identifica e describe de forma oral polo menos dous elementos en manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais presentadas e analizadas na aula (cor, liñas, formas...)

Bloque 2: educación plástica e visual - creación e interpretación

- Produce obras propias aplicando as técnicas básicas de debuxo e modelado. (Finaliza e entrega un mínimo do 70% das obras).

LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

COMPREENSIÓN ORAL

- Comprende información específica de frases e textos orais moi claros e sinxelos. (4º)

EXPRESIÓN ORAL

- Expresa mensaxes breves, de maneira comprensiva, relacionados con necesidades inmediatas. (4º)

COMPRENSIÓN ESCRITA

- Recoñece e interpreta palabras e frases escritas breves e sinxelas sobre temas cotiás.(4º).

EXPRESIÓN ESCRITA

- Escribe palabras e frases moi breves utilizando estruturas e léxico moi simple.

EDUCACIÓN FÍSICA

1. Coñece, sinala e utiliza as distintas partes do corpo. Recoñece a dereita e a esquerda do compañeiro en movemento.
2. Utiliza os hábitos hixiénicos específicos da actividade física.
3. Adopta as medidas de seguridade necesarias para previr accidentes no desenrolo da actividade física.
4. Coordina saltos sucesivos diferentes sobre un pé ou saltos nos que o impulso se realiza con dúas pernas: salta á corda adiante e desplazándose, salta unha pequena altura en zig-zag a pata coxa coa perna dominante.
5. Executa con eficacia, ritmo e intensidade, os desprazamentos en carreira, cambios de dirección, velocidade de execución, etc.
6. Orientase no espazo respecto de si mesmo, dos demais e dos obxectos.
7. Lanza obxectos con boa execución, precisión en distancias cortas e sobre obxectivos estáticos e dinámicos.
8. Bota balóns alternando as mans, á vez que se despraza por un espazo de obstáculos.
9. Participa en todas as actividades propostas aceptando aos seus compañeiros, ao marxe da súa condición social, cultural, sexual, etc.
10. Coñece diferentes actividades físicas regradas e axuda a organizalas.
11. Coñece as diferenzas entre equilibrio estático e dinámico, e a forma de manter o equilibrio dependendo dos puntos de apoio que empregue.
12. Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos
13. Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo

CRITERIOS MÍNIMOS PARA PROMOCIONAR – 2º CICLO – CEIP PÁRROCO DON CAMILO
DATA DE APROBACIÓN: 28 DE MAIO DE 2024-ENTRADA EN VIGOR: 1 DE SETEMBRO DO 2024

14.Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa

15.Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual.